



Segunda Lingua Estranxeira

Carga horaria: 2h.

Como primeira lingua estranxeira podes escoller entre Francés, Inglés ou Portugués, independentemente de que xa a cursaras con anterioridade ou non; iso si, a lingua que escollas agora debes mantela durante toda a etapa. Da mesma maneira, podes escoller calquera das tres como Segunda Lingua, agora ben, ten que ser unha diferente da que escollas como primeira.

A nivel académico as tres linguas teñen a mesma validez, polo tanto, para escolleres debes atender a outras razóns (que se che dea ben, que che guste, os estudos que vaias facer despois...), se cadra para orientarte váleche o que che contan os departamentos que imparten cada unha delas:

Por que estudar Inglés?

Está demostrado que estudar outra lingua estimula o cerebro e axuda a mellorar áreas como a creativa, a lóxica, resolución de problemas, razoamento e habilidade mental. O inglés é unha lingua franca, o idioma oficial de moitas organizacións internacionais, como Nacións Unidas ou a Unesco, así como o idioma do comercio e das finanzas. Falar inglés abre as portas a universidades e centros de formación doutros países, dá acceso a información en tempo real posibilitando acceder á maioría de textos académicos, científicos e tecnolóxicos; máis da metade dos sitios de internet están editados en inglés. Saber inglés aumenta as posibilidades de conseguir un traballo digno, dentro ou fóra do teu país. O inglés é unha lingua moderna que axuda a coñecer e comunicarse con persoas doutras culturas, abre as portas a un montón de literatura, cine e música, o cal enriquece a mente e as experiencias, e favorece a visión do mundo desde un punto de vista máis amplo e máis tolerante.

Por que estudar Francés?

Mais de 200 millóns de persoas falan francés nos cinco continentes e Francia é un país que está moi preto de nós. Aprender francés permite descubrir a riqueza e a diversidade das culturas francesas e francófonas: cine, canción, teatro... Así, anímate a estudar francés na ESO, unha lingua románica próxima ó galego, polo que a aprendizaxe resulta máis fácil, rápida e eficiente. Francia é un destino estranxeiro favorito dos españois: aprender francés permitirache viaxar ou traballar en moitos países francófonos como Bélxica, Suíza, Canadá, Haíti...

Por que escoller Portugués?

Vivimos nun mundo no que, cada vez máis, saber linguas é unha ferramenta necesaria e primordial para o éxito. Neste sentido os galegos partimos con vantaxe pois, ademais de sermos bilingües, unha das linguas que falamos ábrenos ás portas a unha terceira lingua, o portugués, que é unha das máis faladas no mundo e con gran potencial no futuro. Así pois, a razón para aprender portugués é clara: con moi pouco esforzo conseguirás o máximo resultado.

Se se che dan ben as linguas, xenial, porque o portugués hache resultar moi doado. Se se che dan mal, non te preocupes, porque esta materia céntrase na comunicación (entender e facerse entender: falar e escribir) e ademais virache ben para mellorar estas destrezas de cara a quitarlle proveito tamén nas outras materias de lingua.